Tres. O número 1 do artigo 121 queda modificado como segue:

«1. Nos casos de parto, a nai funcionaria ten dereito a un permiso retribuído de vinte semanas ininterrompidas, que se distribuirán á elección da persoa titular do dereito, sempre que seis semanas sexan inmediatamente posteriores ao parto».

Catro. Modifícase o número 1 do artigo 122, que queda coa seguinte redacción:

«1. Nos casos de adopción ou acollemento, tanto preadoptivo como permanente ou simple, o persoal funcionario ten dereito a un permiso retribuído de vinte semanas ininterrompidas, do cal se fará uso, por elección da persoa titular do dereito, en calquera momento posterior á efectividade da resolución xudicial pola que se constitúa a adopción ou efectividade da decisión administrativa ou xudicial de acollemento, sen que en ningún caso un mesmo menor poida dar dereito a varios períodos de aproveitamento deste permiso».

Cinco. Modifícase o número 1 do artigo 124, que queda coa seguinte redacción:

«1. Nos casos de nacemento, acollemento ou adopción dun fillo, o persoal funcionario que non estea a gozar do permiso por parto ou por adopción ou acollemento previsto nesta lei ten dereito a un permiso retribuído de cinco semanas ininterrompidas de duración, do cal se fará uso a partir da data do nacemento, da efectividade da decisión administrativa ou xudicial de acollemento ou da efectividade da resolución xudicial pola que se constitúa a adopción. Nos casos de parto, adopción ou acollemento múltiple, a duración deste permiso incrementarase nunha semana máis».

Seis. Modifícase a alínea 3 da disposición adicional novena da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, referida ás escalas e especialidades do corpo de técnicos de carácter facultativo, nos termos seguintes:

| Denominación | Especialidades | Subgrupo | Funcións | Titulación |
|---|---|---|---|---|
| Escala técnica do Servizo de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais | Bombeiro forestal<br>Xefe de brigada | B | Coordinación do persoal ao seu cargo para previr, combater e extinguir incendios de natureza forestal, así como vixilancia e mantemento dos labores de prevención, coordinación en situacións de emerxencia nas áreas rurais e forestais e colaboración cos responsables dos servizos de protección civil no amparo de persoas e bens ante a incidencia dos incendios forestais. Así mesmo, deberá conducir cando o demanden as necesidades do servizo, polo que debe estar en posesión do carné de conducir B. | Técnico superior en Xestión Forestal e do Medio Natural ou equivalente |

CVE-DOG: 52besxd3-emf0-s0w2-u493-ojuq5l6grep9